



En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 1 DE ABRIL DE 2016, POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS PRIVADOS CORRESPONDENTES Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS XUVENÍS E A EXPEDICIÓN DE CARNÉS DIRIXIDOS Á MOCIDADE, XESTIONADOS POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO.

1. Marco competencial autonómico, obxecto da disposición e estrutura.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno galego nos ámbitos do benestar, o que engloba as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de xuventude e voluntariado, de conformidade co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que establece a súa estrutura orgánica.

No que atinxe á competencia da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, órgano de dirección da consellería, correspóndelle a xestión das actuacións en materia de xuventude, das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da mocidade na vida social.

Ao abeiro da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no *Diario Oficial de Galicia* número 67, do 8 de abril de 2016, publicase a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. A dita orde ten por obxecto a fixación dos prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados polo dito órgano de dirección e os relativos á expedición do carné xove, carné de alberguista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE.

No *Diario Oficial de Galicia* número 3, do 4 de xaneiro de 2018, publicase a Orde do 28 de decembro de 2017, pola que se modifica á dita Orde do 1 de abril de 2016. A orde revisa os prezos correspondentes ao carné de alberguista a través da modificación do Anexo II motivada pola baixa dos prezos aprobada pola *Red Española de Albergues Juveniles* (REAJ) en Asamblea extraordinaria o 7 de febreiro de 2017.

Posteriormente publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 39, do 25 de febreiro de 2019, a Orde do 5 de febreiro de 2019. A disposición ten por obxecto unha nova modificación da Orde do 1 de abril de 2016, consistente na determinación do prezo/día en relación ás actividades que figuran no Anexo I. A.2 e especificamente nos apartados 1 e 2 en relación aos campamentos e albergues. Estes prezos viñan determinados en virtude do tipo de actividade e a duración das quendas establecidas para doce ou oito días de xeito xeral. A programación de actividades de distinta duración á indicada determinou a necesidade de revisar a fixación dos prezos establecendo así un prezo/día a aplicar independentemente da duración. A tarifa por día será a establecida no punto A2 para as quendas de doce días.

Así o exposto, recibíse agora unha nova modificación da Orde do 1 de abril de 2016 que recolle en primeiro lugar unha revisión da redacción do artigo 3 modificando o alcance dos descontos previstos na actualidade unicamente para o programa Campaña de verán que agora se estende ao resto de programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Así mesmo, estes descontos previstos para as familias numerosas e monoparentais aplicaranse ás familias acolledoras, igualmente cualificadas como familias de especial consideración, polo que se modifica o título e o seu contido.

Cómpre tamén modificar a Orde para facer extensibles os prezos xa establecidos por servizos de aloxamento e manutención nos albergues e residencias integrados na *Red Española de Albergues Juveniles* (REAJ) que figuran na letra C do Anexo I a aquelas outras instalacións xuvenís non integradas na citada Rede que veñen prestando os mesmos servizos.

Finalmente, a Consellería de Política Social e Xuventude, co fin de facilitar o acceso da mocidade galega aos bens e servizos en condicións máis vantaxosas a través do Carné xove, considera que a expedición deste carné pase a ser gratuíta para os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos.

Así mesmo e segundo o acordado pola asemblea da Red Española de Albergues Juveniles (REAJ), igual que outras Comunidades Autónomas, Galicia deixou de expedir o Carné *International Teacher Identity Card* (ITIC), o Carné *International Youth Travel Card* (IYTC) e o Carné *International Student Identity Card* (ISIC), polo que tamén é necesario eliminar o prezo establecido pola expedición destes carnés na nosa Comunidade.

Ambos motivos determinan a modificación do Anexo II.

O anteproxecto da orde que se presenta, tras o título e a parte expositiva, de conformidade coa técnica modificativa, comprende un artigo único dividido en tres partes que recollen a modificación do artigo 3 e dos anexos I e II. Na parte final comprende unha disposición derradeira única co rexime de vixencia.

2. Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Tramitación de anteproxecto da orde.

A tramitación do proxecto de orde someteuse ao procedemento establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Tras o acordo do inicio da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado achegou a documentación que se indica para continuar co inicio da tramitación:

- Texto do anteproxecto de orde.
- Memoria xustificativa.
- Memoria económica.

Tras a aprobación inicial, o xa proxecto da orde foi publicado no Portal de transparencia e sometido na fase intermedia ao trámite de información pública. Ao respecto a audiencia rematou o 4 de marzo de 2024 e non se recibiu suxestión ou alegación ningunha ao proxecto normativo dentro do dito prazo.

Dado que o contido do proxecto da orde non ten repercusións en cuestión de xénero, non precisou do informe sobre o impacto de xénero.

Así mesmo, dado que o contido do proxecto regula aspectos parciais da materia, de conformidade co disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xustifícase a omisión da consulta pública previa.

Nesta fase intermedia, o proxecto da orde foi remitido para informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos que o emitiu de xeito favorable o 9 de febreiro de 2024.

Finalizada a fase intermedia na fase final o expediente someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite de xeito favorable con data 11 de marzo de 2024.

3. Legalidade, acerto e oportunidade

De acordo co indicado considerase que este proxecto de orde axustase á dereito e reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

Así o exposto, de conformidade co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, informase favorablemente o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e a expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2024.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos



